



INDICE GENERAL



CLASIFICACIÓN del MONTE:

Pereira

COMUNIDAD PROPIETARIA

PEREIRA

LUGAR / PARROQUIA

Concello

Asperelo

RODEIRO

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique.

VICEPRESIDENTE

D. José Juan Barreiro Prado.

VOCALS

D. Fernando Sáenz de Miera y Cuesta.

D. Luís N.º Muíños Vidueira.

D. Serafín Quinteiro Blanco.

VOCALS REPRESENTANTES DA COMUNIDADE

VECIÑAL DE PEREIRA, ASPERELO, RODEIRO

D. Jesús Viana González.

D. José Fernández Senra.

SECRETARIA

Dona María José Echevarría Moreno.

Na cidade de Pontevedra, sendo ás dezaseite horas do día vintecatro de marzo de mil novecentos noventa e dous, e coa asistencia dos señores ó nome reseñados reúnese o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte == " PEREIRA ", sito no lugar de Pereira, = parroquia de Asperelo, concello de Rodeiro.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Na data 27 de febreiro de == 1.991 os veciños do lugar de Pereira, parroquia de Asperelo, do concello de Rodeiro na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da

Xunta de Galicia presentaron solicitude de clasificación como veciñal en man común do monte " PEREIRA " sito no lugar do mesmo nome.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común interesou daqueles a remisión dun informe acerca do seu aproveitamento, así como, a documentación histórica que poidese acreditar a posesión do referido monte de " PEREIRA " pola comunidade solicitante. Fóille notificado tal particular ó representante dos veciños D. José Domingo Castro Castro.



TERCEIRO.- Por este último na representación que ostentaba, contestouse por escrito de data 15 de marzo de 1.991, segundo o cal: a) O aproveitamento do monte databa de tempo inmemorial, e nel pastaba o gando, ata que nos anos cincuenta celebróuse consorcio coa forestal e, tras éste e ata hoxe en día séguen pastando alí o gando, aproveitándose a súa maleza, etc.; asemade que, como consecuencia dun incendio que o asolou no ano 1.975, aproximadamente, houbo que proceder a cortala madeira e o pobo percibira a parte que segundo o consorcio lle pertencía; e, b) Por toda documentación aportaban unha fotocopia do Catastro do Marqués de la Ensenada do ano 1.753.

CUARTO.- A vista do anterior o Xurado na sesión celebrada o 7 de maio de 1.991 decidiu incoalo correspondente expediente, con remisión de solicitude e documentación pertinente ó Servicio de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Así se llelo comunicou ó concello de Rodeiro e ós solicitantes da clasificación sen que por aquel nin por estes se deduxese pretensión algunha ó respecto.

QUINTO.- Ós efectos do disposto nos artigos 11 da Lei 13/1.989 de 10 de outubro e, 10 da Lei 55/1.980 de 11 de novembro, respectivamente, se interesou do Rexistrador do Distrito Hipotecario de Lalín a correspondente certificación, e a anotación preventiva.

SEXTO.- Publicouse o correspondente edicto no exemplar número 178 do ano 1.991 do Boletín Oficial da Provincia sen que por ninguén a este Xurado se dirixise formulando pretensión de tipo algún.

SEPTIMO.- Rendeu informe o Enxeneiro de Montes do contido literal que obra no expediente e, ó que logo se fará mención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Son montes veciñais en man común os que con independencia do seu orixen, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en rexime de comunidade sen asignación de cuotas polos membros daquelas na súa condición de veciños (artigo 1 da Lei 13/1.989, de 10 de outubro e, en semellantes termos o artigo 1 da Lei 11 de novembro de 1.980, número 55/80).


SEGUNDO.- Xurisprudencialmente tense sinalado que para que un monte



poda ser declarado como veciñal en man común precísase da concorrencia dos seguintes requisitos: a) O aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade é con carácter exclusivo, polos veciños agrupados en parroquias, aldeas, lugares accesorios, barrios e outros semellantes non constituídos formalmente en entidades municipais; e, b) Que, aínda cando existan actos formais de inclusión no inventario de bens ou rexistro público con asignación doutra titularidade, non fosen acompañadas dun cambio real e efectivo na posesión a prol dos que nos mesmos figuren como titulares durante o tempo necesario para alcanzar o dominio por prescripción.

TERCEIRO.- Da documentación que compón o expediente e da ollada in situ deste relator compre suliñar que tanto as esixencias legais como as xurisprudenciais no presente caso de abondo se teñen cumprido.

Así, o monte " PEREIRA " dende tempo inmemorial ven pertencendo a agrupación veciñal do lugar, como o amosa a documentación que aquela presentou cando para elo foi requerida e, a senco contrario, a non deducción de pretensión por parte do concello de Rodeiro, nen de persoa física ou xurídica algunha e, o resultado da certificación do Rexistrador do Distrito Hipotecario de Lalín. E, por outra banda, polos veciños consuetudinariamente se ven aproveitando o monte en rexime de comunidade sen asignación de cuotas e, boa proba de lo constitúeo o contido do informe emitido polo enxeñeiro de montes no apartado atinxente o seu estado forestal e á comprobación que por percepción directa levou a cabo este vocal-relator.



CUARTO.- A aplicación dos preceptos legais, doutrina xurisprudencial (Fundamentos de Dereito Primeiro e Segundo) ás consecuencias extraídas de todo o acordado (Fundamento de Dereito Terceiro) inexorablemente determinan a estimación da solicitude que deu orixe a este expediente, se ben, coas aclaracións que se derivan do informe confeccionado polo funcionario do Servicio de Montes e Industrias Forestais; esto é, que o monte " PEREIRA " ten unha cabida de 70 hectáreas e non de 58, e que polo seu lindeiro Este limita co Monte de Couso, e xusto na línea que no croquis por aquel confeccionado aparece con trazo grosso e, que ven a coincidir co acordado polas Xuntas veciñais dos lugares de Couso e Pereira o 29 de agosto de 1.986.

Vistos os artigos citados e demais de pertinente aplicación, este Xurado acorda a clasificación como veciñal en man común do monte que a continuación se describe asignándose a súa propiedade á comunidade de veciños do lugar de Pereira, parroquia de Asperelo, concello de Rodeiro.



XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS

Endre: Corbal, n.º 47 - 4.º

Telefono 88 80 26 - Fax 85 33 37

36071 PONTEVEDRA

NOME DO MONTE: PEREIRA

CABIDA: 70 Has.

LIMITES:

Norte.- Fincas particulares.

Leste.- Monte de Couso.

Oeste.- Monte e fincas particulares de Farán.

Sur.- Línea divisoria da provincia de Pontevedra coas de Gureense e Lugo.

Unase a esta Resolución o croquis, a E : 1 / 10.000 adxunto o expediente polo Servicio de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

A presente Resolución pode ser impugnada ante a Xurisdicción Contencioso-Administrativa, previo Recurso de Reposición que deberá de interperse ante este Xurado Provincial no prazo DUN MES dende a recepción da presente, de conformidade có previsto no artigo 58 da Lei Reguladora. Transcurrido o indicado prazo sin haber interposto dito Recurso, esta Resolución será firme a todo-los efectos reglamentarios.

O que se notifica para o seu coñecemento e efectos.

A SECRETARIA DO XURADO,

Vº Bº

PRESIDENTE DO XURADO,





CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

C O N V E N I O

N.º	36	15085
-----	----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, d. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, d. JESUS VIANA GONZALEZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común do lugar de PEREIRA, parroquia de ASPERELO (RODEIRO) segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, do 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A repoboación forestal dos terreos susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

b) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

c) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños do lugar de PEREIRA.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Montes de Pereira

Termo municipal: RODEIRO Provincia: PONTEVEDRA

Situación administrativa e legal: Monte veciñal en Man Común

Limites:

N.: Fincas particulares

S.: Liña divisoria da provincia de Pontevedra coas de Ourense e Lugo

L.: Monte de Couso

O.: Montes e fincas particulares de Farán

Superficie: 70 Has

Estado forestal: Raso

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do solo:

Sen vexetación arbórea: 70 Has

Servidumes:

3º.- O solo continuará pertencendo a Comunidade de PEREIRA

que achega ó convenio:

- a) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- b) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4º.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 % por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 % por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5º.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

6º.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, o 30 por cento, será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente a entidade propietaria do solo, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o 15 por cento, e a comunidade propietaria o 85 por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excede do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso á comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinados en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

7ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

8ª.- O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser suscrito por representantes autorizados de ámbalas dúas partes, figurando nel certificación do acordo da xunta de comunidade, co quorum regulamentario, no que se designe a persoa autorizada para efectos de sinatura do convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre éste que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

9ª.- A duración deste convenio será por un período de 30 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente coa súa participación en beneficios que se consigna na cláusula sexta, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o solo e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do solo, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentos.

10ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do solo ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente se esta o precisar.

11ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será xénero pino
e frondosas, segundo plan anuais de traballo.

12ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións derivadas do seu cumprimento que se susciten.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don a MARÍA JOSE LEÓN GÓMEZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común LUGAR DE PEREIRA, CONCELLO DE BODETRO

2.—Que, así mesmo, figura don JESUS VIANA GONZALEZ, e don JOSE DOMINGO CASTRO CASTRO, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 21/10/99

E para que conste, expido a presente certificación en Pontevedra a 27 de abril de 199 B



Don Jose Domingo Castro Castro, Secretario de Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pereira

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 29 de setembro de 1996 estando designado don Jesús Viana González representante deica para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Pereira a doce de Agosto de mil novecentos noventa e sete.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Jesús Viana
O PRESIDENTE

Asdo.: JESUS VIANA GONZALEZ

Asdo.: JOSE D. CASTRO CASTRO

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

Pola Consellería de Medio Ambiente,
O CONSELLERO,
P/O (12/01/05) O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: José Luis Abad García-Tuñón.